



PLAN DIXITAL

EEI de Olas

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. [Introdución](#)
 - 1.1. Datos básicos do centro
 - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - 1.3. Breve xustificación do mesmo
 - 1.4. Proceso de elaboración
2. [Situación de partida](#)
 - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
 - 2.3. Análise DAFO
3. [Plan de Acción](#)
 - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
 - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas
4. [Avaliación do PD](#)
 - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
 - 4.2. Propostas de mellora (revisión)
5. [Difusión do PD](#)

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

E.E.I. De OLAS

Lg, Soutelo - San Lourenzo de Olas

15685 Mesía

eei.olas@edu.xunta.gal

Teléfono:639527483

PERSOAL DO CENTRO:

- mestre responsable de centro
- mestre especialista en lingua inglesa. (Non é o seu centro base)
- mestre especialista en relixión católica (Non é o seu centro base)

ETAPAS QUE ESCOLARIZA:

- 2º ciclo de educación infantil
- 1º e 2º de educación primaria

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A EEI de Olas está encravada nunha parroquia rural do Concello de Mesía. Atende fundamentalmente alumnado da parroquia de Olas (Concello de Mesía e da parroquia de Abellá)(Concello de Frades. O alumnado acude ao centro pola súa conta xa que non contan con servizo de transporte escolar nin comedor.

O nivel socioeconómico das familias é medio e a lingua vehicular é o galego. No que se refire ao entorno familiar predomina a familia nuclear tradicional.

A EEI de Olas escolariza a alumnado de 3 a 8 anos, cunha ratio máxima de 20, contando con 12 alumnos matriculados actualmente. A Xornada escolar é única de mañá e alumnado acuden a actividades extraescolares organizadas polo concello.

Este Plan de Centro Dixital enténdese como un instrumento que debe favorecer e promover o uso dos medios dixitais tanto nos procesos de ensino-aprendizaxe como no resto de procesos de xestión do centro, sempre co fin último de colaborar no desenvolvemento integral do alumnado. Por iso, debe ser un instrumento que estea integrado no Proxecto Educativo e na Programación Xeral Anual. Ademais, é fundamental dotar ao Plan Dixital dun foco central no uso dos recursos de ferramentas didácticas dixitais dispoñibles para aproveitar ao máximo as súas posibilidades, para que se converta nun proxecto compartido por todos os membros da comunidade educativa, que dá coherencia e orienta o uso das tecnoloxías. Concretaranse as accións a levar a cabo mediante este documento que formará parte do Proxecto Educativo de Centro, podendo revisarse e modificarse, así como concretarse para o grupo de alumnos do vindeiro curso 22-23 a través da Programación Xeral Anual, establecendo as accións encamiñadas a consecución dos obxectivos que veremos máis adiante.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A contextualización normativa do nosa Plan Dixital é:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LOE 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o

desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Este documento foi elaborado pola responsable de centro en colaboración coa Rede ADIX e a súa asesora de zona. Ademais contamos con un PFPP no centro de 30 horas que nos aportou formación para poder elaborar este documento. Non existe Equipo de Dinamización do Plan Dixital posto que unicamente hai unha docente que asume todas as responsabilidades organizativas e pedagóxicas na escola.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A infraestrutura coa que contamos na EEI de Olas é a seguinte:

- Conectividade: contamos con conectividade a internet con cableado existindo dous puntos de conectividade no centro.
- Equipamento dispoñible e identificación dos usos: contamos con 3 equipos cos seguintes usos: un empregase para as labores de dirección e secretaría do centro, outro é de uso para o alumnado como consulta e xogos, e un

portatil que dá servizo a pantalla dixital. Contamos con unha tablet para o alumnado e dúas impresoras para uso común.

- Servizos dixitais educativos: contamos con páxina web que non está actualizada debido a carga laboral do persoal posto que ten tarefas docentes e de dirección do centro, dispoñemos de aula virtual pero que non está actualizada e empregamos o Abalarmóbil para comunicarnos cos familias.
- Xestión do mantemento do equipamento do centro: Contamos cos servizos de mantemento da Consellería de Educación e coa Unidade de Atención a Centros (UAC).
- Plans e proxectos de centro: Contamos co Plan Tic no que se establecen as liñas de traballo que se desenvolven no centro en materia de novas tecnoloxías e que complementan este plan. As liñas de actuación concretanse cada ano na Programación Xeral Anual e nas Programacións de Ciclo e Aula. Ademáis contamos co Plan de Continxencia no que reflexa a metodoloxía e comunicación coas familias no caso de confinamento ou non presencialidade do ensino a través da aula virtual.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para realizar a análise DAFO do noso centro contamos con unha serie de ferramentas que nos aportarán unha visión da situación a traves dos datos recollidos que quedan recollidos nas seguintes tabóas:

Datos de autoavaliación SELFIE da EEI de Olas:

Areas	Grupo mixto de Educación Infantil e Primaria	
A -Liderado	Equipo Direct.	1,8
	Profesorado	3
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	1
	Profesorado	1
	Alumnado	-
C- Infraestructuras e Equipos	Equipo Direct.	1,9
	Profesorado	1,8
	Alumnado	-
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3
	Profesorado	2,3
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3
	Profesorado	2
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3
	Profesorado	2,8
	Alumnado	-
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	1
	Profesorado	1,3
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	1
	Profesorado	1,1
	Alumnado	-

Datos do test CDD da EEI de Olas:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	=	=	=
PROVISIONAL	=	=	=
INTERINO	=	=	=
SUBSTITUTO	1	1	100%
DESPRAZADO	=	=	=

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>17</u>	<u>Principiante (A1)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	<u>17</u>	<u>Principiante (A1)</u>	<u>68,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
PRI M	<u>17</u>	<u>Principiante (A1)</u>	<u>77</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	100%
A2	-	-
B1	-	-
B2	-	-
C1	-	-
C2	-	-
TOTAL	1	100.00%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	No centro existe PDI, ordenador e impresoras que se poden usar na labor docente. Aínda que son insuficientes, o que hai é de fácil acceso e están en bo estado.	<p>Equipamento e rede insuficiente</p> <p>Apenas hai equipamento para o ensino dixital no centro.</p> <p>Non hai equipamento suficiente portátil para levar a casa se fora preciso.</p> <p>Carecemos de espazos físicos que faciliten a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>Non existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensinanza aprendizaxe.</p>
	PERSOAL DOCENTE	Disposición para o aprendizaxe en liña e o desenvolvemento profesional contínuo.	<p>Insuficiente tempo para que os docentes podan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital.</p> <p>Plantilla pequena (unipersoal e especialistas) e mobilidade da mesma.</p> <p>Non se utilizan tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.</p> <p>Non se utilizan tecnoloxías dixitais para facilitar retroalimentación axeitada ao alumnado ou familias.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE	Non hai.	Non hai.
	ALUMNADO	No centro dispoñemos de un ordenador con conexión cedido por unha entidade para que o alumnado poida levar a casa	<p>O alumnado ten que compartir os dispositivos co profesorado.</p> <p>O centro non dispoñen de dispositivos en</p>

		se é necesario.	propiedade para levar a casa o alumnado é depende de outras entidades.
	FAMILIAS	Colaboración coas familias.	As familias non empregan os recursos dixitais e de mensaxería. Son reáceas a realizar os trámites por internet se hai a posibilidade de presentalo en papel.
	OFERTA	Non hai	Non hai transporte, extraescolares nin comedor escolar.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>Disponibilidade de asistencia técnica (UAC).</p> <p>Cofecemento e respeto polas licencias de contidos dixitais.</p> <p>O equipo directivo promove o emprego de software libre no ámbito educativo.</p> <p>Nas aulas do centro non hai equipamento informático mercado polo propio centro.</p> <p>O centro promove a creación conxunta de cofecemento a través da organización dun Plan de formación en centros do que formo parte</p>	<p>Inexistencia de estratexia dixital.</p> <p>Non se avalían os progresos no desenvolvemento do ensino dixital.</p> <p>Inexistencia de sinerxias para o ensino e aprendizaxe a distancia ou mixto.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>1. Plan dixital</p> <p>2. Páxina web do centro</p> <p>3. As administracións realizan un gran esforzo para a dixitalización do ensino e mellora da competencia dixital para transformar os centros.</p>	<p>1. Currículo moi extenso.</p> <p>2. Falta de especialización na competencia dixital</p>
	LEXISLACIÓN	1. Creación dun Plan dixital	1. Demasiada normativa que é inabarcable

	2. Normativa sobre a protección de datos 3. Normativa sobre os dereitos de autor 4. A normativa ofrece seguridade xurídica	e está en constante cambio.
CONTORNA	1. Colaboración co Concello	1. Escasa formación dixital das familias 2. Escasa conectividade da rede no rural
ANPA	1. Creación dun ANPA 2. Creación dunha escola de pais e nais	1. Non hai
OUTRAS ENTIDADES	1. Plan director. Ministerio do interior: Ciberacoso, internet, redes... 2. Plan Proxecta+ que fomenta o uso das TIC de xeito motivador 3. Concursos e proxectos en liña	1. Pouca implementación do uso das TIC nas entidades da contorna.

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital, que no caso da EEI de Olas no curso 2021-2022 son os seguintes:

- Pantalla Dixital con proxector
- 2 ordenadores de sobremesa
- 1 ordenador portatil
- 1 tablet
- 1 impresora en branco e negro
- 1 impresora corporativo
- 2 altavoces
- Conexión a internet 4 tomas rede Ethernet.

Este material é insuficiente polo que consideramos que se debería ampliar para poder ofertar actividades interactivas para o alumnado de Educación infantil e primaria para crear un recanto TIC.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para establecer o noso Plan de Acción, partimos da análise DAFO, establecendo áreas prioritarias e determinando os obxectivos específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal que nos propuxemos para o vindeiro curso académico. Os obxectivos están contextualizados na áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg. Os obxectivos propostos para a escola recollense nas seguintes táboas e están plantexados para levalos a cabo no vindeiro curso. Estes obxectivos poden ser ampliables se así se considera.

Para conseguir estes obxectivos poremos en marcha por unha parte un plan de formación para toda a comunidade educativa, materializándose para o profesorado a través da participación nun PFPP e para os nenos e as familiar a través de folletos informativos e acompañamento por parte da docente. Ademáis intentaremos equipar e dotar un recanto na aula con materiais TIC axeitados para as idades que escolarizamos e plantexaremos actividades básicas e voluntarias que motiven ao alumnado e as familias a participar a través da aula virtual.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As necesidas da escola que inicialmente plantexamos serían:

- Equipamento de son para a aula principal.
- Ordenador, equipamento para catalogar e conectividade para a biblioteca do centro.

- Equipamento de son e imaxe para a aula contigua para levar a cabo as actividades de psicomotricidade e nos desdobramentos de grupos PDI, Ordenador, altavoces e equipo de son)
- Conectividade na aula contigua para a aula principal para levar a cabo actividades de psicomotricidade e nos desdobramentos de grupos.
- Equipamento interactivo para o recanto TIC
- Robots educativos para o recanto TIC

Área/s de mellora: F Pedagogía: Implementación na aula						
OBXECTIVO 1: (1)	Poñer en marcha a aula virtual				Acadado	
Responsable:	Responsable de centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de recursos/actividades					
Valor de partida: (3)	0					
Valor previsto e data: (4)	8 recursos			30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Crear o curso na aula virtual	Responsable de centro	30/09/2022	Equipamento básico: ordenador e conexión a rede	-	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Matricular ao alumnado	Responsable de centro	30/10/2022	Equipamento básico: ordenador e conexión a rede	-	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Crear e introducir recursos	Responsable de centro	30/06/2023	Equipamento básico: ordenador e conexión a rede	-	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: C Infraestrutura e equipamento						
OBXECTIVO 2: (1)	Poñer en marcha un recuncho TIC na aula				Acadado	
Responsable:	Responsable de centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Espazo físico con equipamento para que o alumnado experimente co equipamentoTIC					
Valor de partida: (3)	Non hai un espazo específico					
Valor previsto e data: (4)	Úsase un espazo para a experimentación do alumnado coas TIC			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Crear o recuncho	Responsable de centro	30/09/2022	Equipamento básico: ordenador,conexión a rede, tablet, robot, PDI	-	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Crear actividades e recursos para emprego do recuncho TIC	Responsable de centro	31/05/2023	Equipamento básico: ordenador,conexión a rede, tablet, robot, PDI	-	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Avaliar o recuncho TIC	Responsable de centro	30/06/2023	Equipamento básico: ordenador e conexión a rede.	-	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será o seguinte:

- *No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.*
- *No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.*

5. Difusión do plan

Somos conscientes da importancia de facer unha boa difusión desta iniciativa pois na medida en que sexamos capaces de concienciar as comunidade educativa da súa importancia, daremos conseguido un uso responsable das TICs nas nosas vidas para cubrir necesidades educativas.

A difusión consistirá basicamente en dar a coñecer este proxecto a todas as familias na reunión de inicio de curso e reenviando o plan a todas elas mediante correo electrónico así como dar a coñecer o plan aos membros do Consello Escolar e Claustro. Facilitaremos ampla información, con explicación das actividades propostas, participación na aula virtual e recanto TICs a través de miniproxectos e experiencias educativas.